



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Dende a Confederación ANPAS GALEGAS estamos preocupadas, cando non escandalizadas, polo que está acontecendo en varios centros escolares segundo a información aportada polas nosas ANPAS: **estanse ofertando e utilizando plataformas e aplicacións dixitais educativas polas que as familias teñen que realizar un pagamento.**

Xa non é simplemente lembrar que o ensino público é gratuíto por mandato constitucional, nin que ningún centro escolar pode reclamar máis ingresos dos que establece o Decreto 201/2003. É que estamos a falar de ferramentas que non teñen cabida nos centros de ensino público galegos, porque entendemos que non están autorizadas por esa consellaría, tal e como debera facerse de acordo co *Decreto 89/1993 polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral*:

*Artigo 1.- Os libros de texto e outros materias editados **que vaian ser utilizados nos centros docentes públicos** ou privados da Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento e aplicación do currículo das ensinanzas de réxime xeral, establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, **requirirán a autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.***

A realidade é que non temos unha normativa específica global sobre o ensino dixital. A única referencia que atopamos sobre isto esta nas instrucións do 14 de decembro do 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19, nesa norma indícase que:

Cuarta. Servizos Dixitais Educativos

*As ferramentas de docencia virtual previstas pola administración educativa autonómica para pasar dun entorno presencial a un modelo de docencia en remoto ou en liña, así como as que apoian **o proceso ordinario de educación cando se requira o uso de servizos dixitais, son aquelas determinadas polo responsable de tratamento de datos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dispoñíbeis en “Servizos Dixitais Educativos”** (<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>) xunto cos procesos de solicitude (de ser necesario), os manuais de usuario e as canles de consultas, comentarios, etc.*

Todas estas ferramentas compren con requisitos establecidos no RXPD e no Esquema Nacional de Seguridade, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Personais e Garantía dos dereitos dixitais.

Sexta. Condicións de uso das ferramentas de docencia virtual por parte do alumnado e do profesorado.

*Para o normal desenvolvemento da actividade educativa nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade empregaranse **unicamente** as ferramentas e aplicacións aportadas pola consellería de Cultura, Educación e Universidade e que contan con todas as garantías previstas na normativa vixente a través da AMTEGA como encargada de tratamento.*

Non obstante, para aquelas actividades educativas complementarias tales coma a realización de proxectos de innovación ou proxectos europeos, os centros poderán utilizar as plataformas previstas aos efectos sempre que



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

se atopen baixo a responsabilidade expresa dun organismo público no espazo económico europeo e que cumpran cos requisitos descritos no RGPD e no Esquema Nacional de Seguridade e o centro conte coa autorización expresa e inequívoca (por escrito) dos pais ou titores legais ou do/da menor cando teña máis de 14 anos. Neste caso recoméndase a xeración de contas con alias, é dicir cos datos persoais “pseudonimizados” pero mantendo as obrigas e medidas contempladas na normativa de protección de datos.

En ningún caso poderán os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinar contratos de encargado de tratamento con terceiros, por corresponder a habilitación legal unicamente á Secretaría Xeral Técnica da consellería.

Para nós a idea destas instrucións está bastante clara, e pretende homoxeneizar o tratamento dixital nos centros educativos, cousa que aplaudimos sen reservas; e entendemos, ao marxe do contexto da COVID-19, esta debe ser a normativa que deba regular o ensino dixital; outra opción non tería sentido; **pero está pasando.**

Está pasando e preocúpanos, preocúpanos que unha dirección poida saltarse as disposicións da consellaría e contratar plataformas descontroladas, preocúpanos que haxa centros escolares que están impondo ás familias, a todas sen excepción, un pagamento non regularizado nin autorizado; preocúpanos que a inspección educativa descoñeza o que se está facendo nos centros, ou que o profesorado confunda o seu dereito a definir o material escolar que se ha utilizar coa imposición de ferramentas que modifican totalmente o sistema.

En conclusión: cal é a listaxe de ferramentas dixitais que esa consellaría ten autorizada aos centros educativos galegos, onde pode consultarse, cando se actualiza, quen o fai, a onde poden recorrer as familias e as direccións que queiran utilizar ao máximo as posibilidades que oferta esa consellaría pero garantindo a permanencia nas canles autorizadas?

Tamén solicitámoslle que poña fin a estas prácticas irregulares nos centros de ensino e procuren adaptarse ás normas de funcionamento que dita a súa consellaría.

Compostela, na data da sinatura dixital deste escrito.

Saúdos

Fernando Lacaci Batres, presidente
Isabel Calvete Carrera, vicepresidenta.